



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 4 de febreiro de 2019

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 4 de febreiro de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28/01/2019, que se aprobou por unanimidade.

Propostas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2019/631

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 4 de febreiro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 4 de febreiro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
ALVAREZ TABOADA, CARLOS ROBERTO	44085088E	2.002,00 €	04/02/2019	SÍ
AMBISER INNOVACIONES, S.L.	B85355071	2.913,08 €	04/02/2019	SÍ
DALONGA, S.A.	A36011112	644,71 €	04/02/2019	SÍ
DIEGUEZ, S.L.	B36118222	6.655,00 €	04/02/2019	SÍ
GASOCENTRO CALDAS, S.L.	B94033800	900,00 €	04/02/2019	SÍ
INSTIT. TECNOLÓGICO DE GALICIA	G15305923	100,01 €	04/02/2019	SÍ
JUEGUEN GARCIA, PABLO	35473888E	7.320,50 €	04/02/2019	SÍ
KILOVATIO GALICIA, S.A.U.	A15051089	1.001,15 €	04/02/2019	SÍ
LOPEZ FIGUEIRA, M ^a JESUS	35445682Z	1.800,00 €	04/02/2019	SÍ
TALLERES S. IGLESIAS, S.L.	B36222727	1.161,72 €	04/02/2019	SÍ
WOLTERS KLUWER ESPAÑA, S.A.	A58417346	860,31 €	04/02/2019	SÍ



b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/395

Dáse conta do escrito presentado por **D. Ruben Nogueira Miser** solicitando a renovación da autorización que lle foi concedida para instalación dunha máquina fotográfica na Avda. da Mariña, nas inmediacións da Comisaría do Corpo Nacional de Policía.

Tendo en conta que o Corpo de Policía Nacional é contrario á continuidade da instalación por motivos de seguridade.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a renovación da autorización solicitada, comunicando ao Sr. Nogueira Miser que deberá proceder á retirada da cabina fotográfica o día 24 de abril de 2019, data na que remata o prazo da autorización concedida no seu día.

PRP2019/532

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco José Cuba Couzo, en representación do **Sindicato Comarcal de Pensionistas de CCOO de Arousa**, solicitando autorización para ocupación da vía pública na Praza de Galicia, o día 6 de febreiro, en horario de 10:00 a 13:00 horas para levar a cabo unha campaña de recollida de firmas contra a pobreza enerxética, así como a cesión de unha carpa, mesas e cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/533

Dáse conta do escrito presentado por D. Jacob Ventoso Leiro, responsable da organización da carreira solidaria "LADESOL", que se leva a cabo no **Centro San Francisco (Fundación Educativa Franciscanas Ana Mogas)**, solicitando autorización para ocupación da vía pública na Praza de Galicia os días 9 e 16 de marzo, de 10:00 a 14:00 horas para recollida de inscricións para a V Carreira Solidaria LADESOL, así como a cesión de unha carpa, unha mesa e dúas cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.



- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/534

Dáse conta do escrito presentado por **Dona M^a Victoria Hierro Lorenzo**, solicitando a sinalización dunha praza de reserva de estacionamento para persoas con discapacidade nas proximidades do seu domicilio, na Rúa Valentín Viqueira nº 8, en Carril.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acora que se proceda á sinalización dunha praza para estacionamento de vehículos con persoas con discapacidade fronte ao nº 9 da citada Rúa Valentín Viqueira, a carón da rampla de acceso aos garaxes do nº 10, utilizando esta para o acceso á beirarrúa coa cadeira de rodas, de selo caso.

Realizar sinalización vertical e horizontal co pictograma da cadeira de rodas.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez) e Policía Local.

PRP2019/535

Dáse conta do escrito presentado por D. Enrique Pérez Oliveira, Presidente e representante da **CP Arcebispo Xelimrez 3-5**, de queixa por ruídos de maquinaria procedentes do local situado en Rúa San Roque 6 (Pastelería Yoli).

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que efectuadas as correspondentes comprobacións os problemas de ruído foron solventados e que se informou aos veciños que no caso de que volvan a ter molestias por ruídos poderán requirir o servizo para a correspondente medición santométrica.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/536

Dáse conta de proposta da Policía Local de sinalización de límites de velocidade e aviso de controis de velocidade, sendo necesaria a colocación da seguinte sinalización nos puntos que relacionan na documentación anexa á proposta:

- Paneis de aviso control de RADAR: 12 con limitación de 30 km/hora; 3 con limitación de 40 km/hora e 4 con limitación de 50 km/hora.

- Discos de limitación de velocidade: 12 unidades de limitación a 30 km/hora, 3 unidades de limitación a 40 km/hora.

- Postes correspondentes (total 29), contando con colocación en luminaria, nalgúns casos e coa lonxitude necesaria segundo o tamaño do sinal (300 mm ou 35 mm).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e da a súa conformidade á proposta da Policía Local, debéndose facer proposta de gasto para a súa adquisición.

PRP2019/537

Dáse conta do escrito presentado por **D. Eladio Lema Gómez** solicitando a colocación de espellos para mellorar a visibilidade en diversas rúas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que coa data de 19 de novembro de 2018, adoptouse o seguinte acordo:

...)



A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de espellos nos seguintes lugares:

- *Intersección da Rúa Bouza de Cea coa súa Travesía, á altura do nº 20 da Rúa Bouza de Cea.*
- *Retrasar ó nº 23 da Rúa bouza de Cea o espello colocado para mellorar a visibilidade.*

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez) para que procedan á colocación dos espellos á maior brevidade, cando as necesidades do servizo o permitan.

PRP2019/538

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Maria Cristina Miguens Oliveira**, en representación dos veciños con actividades comerciais na Rúa López Ballesteros de Vilagarcía de Arousa, solicitando a ampliación do horario de carga e descarga, que na actualidade é de:

- 07:00 horas a 12:00 horas e de 15:00 horas e 18:00 horas.

Para que pase a:

- 09:00 horas a 14:00 horas e de 16:00 horas a 20:00 horas.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que a ampliación do estacionamento reservado sería para uso exclusivo da Empresa MRW, privaría aos veciños da zona de prazas de estacionamento e non solucionaríase o problema que produce a actividade, coa carga e descarga continuada na vía pública de paquetería, cos inconvenientes que isto supón para o tráfico de vehículos e peóns.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a ampliación solicitada.

PRP2019/539

Dáse conta do escrito presentado por D. Anxo Antón Queruga Vila, en representación de **CAPM de Vilagarcía de Arousa**, solicitando a ampliación da praza de estacionamento situada diante do Centro de Día na Rúa Bosque dos Desamparados nº 24, para facilitar o acceso a persoas con mobilidade reducida.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e que se proceda á sinalización vertical e horizontal, co pictograma da cadeira de rodas.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez) e Servizo da Policía Local.

PRP2019/540

Dáse conta do escrito do Xerente-Executivo do Hospital do Salnés, en relación ao acordo aprobado na Xunta de Goberno Local de data 16 de abril de 2018, de acción conxunta entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e o Hospital do Salnés para mellorar o sistema de iluminación no viario de acceso ao Hospital e aparcadoiro oeste de uso público, novo paso de peóns e viario peonil integrado no entorno da parcela oeste do Hospital, comunicando que a parte executada polo Hospital xa está rematada dende o pasado mes de agosto, sen estar executada a parte de obra do Concello.

Reiterando ao Concello a execución de xeito urgente da parte das actuacións comprometidas no citado acordo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Hospital do Salnés que se levará a cabo a execución das melloras de inmediato, en canto as condicións meteorolóxicas o permitan.

PRP2019/541

Dáse conta de programación por parte da Policía Local do curso de educación vial do mes de febreiro de 2019, en distintos centros da localidade:

IES Armando Cotarelo Valledor: días 1, 4, 5, 6, 7 e 8



CEIP A Lomba: días 11, 12, 13 e 14
IES Fermín Bouza Brey: días 19, 22, 25, 26 e 28.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/542

Dáse conta da entrega por parte da Policía Local ao Servizo Municipal de Emerxencias, do seguinte material:

- Dúas pontes de luces de emerxencia que estaban colocados no Seat Altea con placas de matrículas 0679GSX e 0684GSX, dado que se vai a proceder á baixa dos citados vehículos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/543

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Kilovatio Galicia SAU** para o subministro de un taladro percutor+DCF887 atornillador impacto+D e un DT706105-QZ, xogo de 35 pezas atornillar e taladrar, por un importe total de 1.001,15 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/544

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **DIEGUEZ SL** para o alugueiro por horas de Camión Guindastre e pá retro-excavadora con cazo para realización de tarefas no Departamento de Rural, por un importe total de 6.655,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.203:

- Camión Guindastre: 100 horas a 40,00 €/hora + IVE.

- Pá retro-excavadora: 50 horas a 30,00 €/hora + IVE.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/545

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Gasocentro Caldas SL** para o subministro de combustible de calefacción (gasóleo) para o Colexio Vagalume, por un importe total de 900,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/546

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Ambiser Innovaciones SL** para soporte, mantemento e un servizo de hosting para a aplicación de video actas para o ano 2019, por un importe total de 2.913,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706:

- Soporte e mantemento da aplicación informática de videoactas (outubro, novembro e decembro 2019) por un prezo de 1.815,00 € (IVE incluído)



- Servizo de hosting da aplicación videoactas para o ano 2019, por un prezo de 1.098,08 € (IVE incluído)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/547

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto formulado por **D. Pablo Jueguen García** para a xestión, mantemento e creación de contidos para as redes sociais do Concello: Facebook e Instagram.

O citado proxecto será desenvolvido por D Pablo Jueguen García e Dona Cristina Durán, baixo a dirección e coordinación da Área de Comunicación Social.

Acórdase aprobar o orzamento e proxecto de D. Pablo Jueguen García, por un importe 550,00 €/mes + IVE, o que dá un importe de 665,50 € (IVE incluído), dando un importe total para o ano 2019 de 7.320,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/548

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de xaneiro de 2019 de aprobación renovación de servizos e aplicacións informáticas para o ano 2019 coa Empresa **Ayco Internet SL** para o ano 2019, por un importe total de 6.981,70 €, con cargo á partida 9201.2706, figurando no mesmo:

“

- Aloxamento e xestión da web corporativa, por un importe anual de 1.452,00 € (IVE incluído)
- Aloxamento e xestión do correo electrónico corporativo, dos dominios vilagarcia.gal, vilagarcia.es e ivilagarcia.com, e o servizo de envío de grandes ficheiros e a súa renovación por un importe anual de 2.680,15 € (IVE incluído)
- Servizo de limpeza antiVirus e antSpam para os correos electrónicos a nivel de Servidor, por un importe anual de 701,80 € (IVE incluído).
- Sistema Bdoutlook, por un prezo anual de 574,75 € (IVE incluído).

“

E debendo figurar:

- Aloxamento e xestión da web corporativa, por un importe anual de 1.452,00 € (IVE incluído)
- Aloxamento e xestión do correo electrónico corporativo, dos dominios vilagarcia.gal, vilagarcia.es e ivilagarcia.com, e o servizo de envío de grandes ficheiros e a súa renovación por un importe anual de 2.680,15 € (IVE incluído)
- Servizo de limpeza antiVirus e antSpam para os correos electrónicos a nivel de Servidor, por un importe anual de 701,80 € (IVE incluído).
- Sistema Bdoutlook, por un prezo anual de 574,75 € (IVE incluído).
- Servizo de albergue corporativo multi-site, por un prezo anual de 1.573,00 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2019/561



Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dalonga SA** para a reparación do vehículo Seat Altea matrícula 0680GSX, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 644,71 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/562

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Wolters Kluwer España SA** para subscrición da aplicación informática vía web Complylaw de xestión de protección de datos, para o ano 2019, por un importe total 860,31 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/563

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola **Fundación Instituto Tecnológico de Galicia** para subscrición da aplicación informática vía web presupuesta.com para o ano 2019, por un importe total de 100,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/609

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias SL** para a reparación do vehículo matrícula PO2134BF adscrito ao Servizo de Cemiterios, por un importe total de 1.161,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/641

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Josefa Crespo Amigo, en representación de **Asociación Española Contra el Cancer**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 5 de febreiro, en horario de 10:30 a 13:30 horas, cunha mesa informativa con motivo da celebración o día 4 de febreiro do Día Internacional contra o Cancro, coa campaña “Achégate á miña realidade” durante o mes de febreiro.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.



- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2019/578

Dáse conta de escrito da Dirección Xeral de orientación e Promoción Laboral de autorización para o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral que foron subvencionados ao abeiro da orde de 19 de xaneiro de 2018, que remataba a súa vixencia a 31 de xaneiro de 2019, e ata a data de resolución da correspondente convocatoria de axudas para o exercicio de 2019, que aínda non foi publicada, se ben esta autorización non xerará dereitos de cara á resolución da mesma, indicando que se unha vez publicada a orde de convocatoria de axudas para o exercicio, se constata que o Concello non reúne os requisitos establecidos na mesma para a obtención desta axuda, procederase á revogación da citada autorización polos correspondentes órganos da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e non se xerarán dereitos económicos polos servizos prestados durante o tempo transcorrido dende a data de finalización do período subvencionado anterior, é dicir, dende o 31 de xaneiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/579

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial, relativa ao Plan Provincial de Obras e Servizos. Plan Concellos 2019. Liña 3. Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, pola que se concede ó Concello de Vilagarcía 326.442,29 € destinados á contratación laboral de 36 traballadores/as, cunha xornada de traballo a tempo completo e por un período de 9 meses, correspondendo unha aportación municipal de 98.902,03 €:

- 3 Empregados Auxiliares Administrativos en xeral.
- 1 Monitor e/ou Animador Deportivo.
- 11 Axudantes Albaneis
- 3 Peóns Forestais
- 2 Pintores e/ou empapeladores
- 6 Instaladores electricistas
- 1 Carpinteiro en xeral
- 1 Fontaneiro
- 1 Soldador para arco eléctrico en xeral
- 4 Traballadores de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 1 Peón Sepultureiros/enterradores.
- 1 Conductor operador de retroescavadora.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/406



Dáse conta da publicación no DOG de 9 de xaneiro de 2019, da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, e se aproba a convocatoria para o ano 2019.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da citada Orde, dunha subvención total de 151.922,40 €, para a contratación de 20 traballadores/as desempregados/as durante 7 meses, a xornada completa:

- 10 Peóns Obras Públicas
- 10 Peóns forestais

Aprobar unha aportación municipal de 54.842,20 €.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Normalización Lingüística

PRP2019/587

Vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á cota do exercicio de 2019 a favor de **Fundación Plácido Castro**, polo importe de 1.800,00€, do recibo nº2/2019, con cargo á partida orzamentaria 334-489.

PRP2019/586

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado (Normalización Lingüística), a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Carlos Roberto Álvarez Taboada** (Lela Edicións), para o subministro de 350 exemplares do libro “A detective Peregrina e o insólito caso de Antón Fraguas”, por un importe de 2.002,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2019/583

Dáse conta de Resolución da Axencia Turismo de Galicia, do 26 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención para a contratación dunha persoa, do 15 de xuño ata o 15 de setembro, co seguinte custe económico:

Salario base	Complemento	Incentivo	Rateo paga extra	Rateo PE incentivo	Base cot. Ret. Mes	Indemnización Cese	Total	Seg. Social Empresa	Custe total
764.19	252.20	125.24	152.12	20.87	1.314.62	38.05	1.352.67	428.57	1.781,24

- Custe total dos 3 meses: 5.343,72 €



- Subvención máxima: Poderá acadar un máximo de 5.200,00 €

Esas retribucións son as que figuran no acordo do Pleno de aprobación do Presuposto e Anexo de Persoal/postos de traballo, publicado no BOP nº 91, de 11 de maio de 2018, cumprindo a Lei de Presupostos do Estado e normativa concordante para o ano 2019.

A persoa seleccionada deberá estar en posesión dalgún dos seguintes títulos: Técnico superior de información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística; Técnico en empresas e actividades turísticas, ou grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2019/585

Vista a proposta da Concellería delegada da Area das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adhesión ao programa de termalismo social posto en marcha pola Deputación Provincial (DEPOTERMAL 2019), que ten por finalidade fomentar o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2019/588

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e fichas de inscrición para a celebración do Entroido 2019, os días 3 e 5 de marzo, coa celebración de distintos actos (Festival de Comparsas o día 3 de marzo no Salón de Actos do Auditorio e Desfile de disfraces e carrozas o martes 5 de marzo), e co establecemento dos premios e gastos que figuran nas mesmas.

PRP2019/589

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Grupo San Roque de Vilagarcía, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Curso de manualidades e pintura	1.800,00€	Maria Jesus López Figueira

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/590

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocío Louzán Blanco, como Presidenta do **Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa – Zona Aberta** solicitando autorización para utilizar as instalacións do Auditorio Municipal (baños da segunda planta e baixos do Auditorio), así como ocupar a Praza da II República, con motivo da celebración da VIII Media Maratón Solidaria, prevista para o día 24 de novembro de 2019.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.



PRP2019/591

Vista a solicitude de D. Oscar Rubio Prieto, en representación de **Asociación Unificada de Guardias Civiles**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 8 de marzo de 2019, en horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas, para a impartición dun curso de formación para Forzas e Corpos de Seguridade sobre Experto en Dereito Penal Operativo, dirixido a Policías Nacionais, Gardas Cívís e Policías Locais, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/592

Vista a solicitude de D. Francisco Jesús Fernández Rodríguez, en representación de **Cáritas Interparroquial de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal, nas datas que se indican para o desenvolvemento do Programa ARRUMÍ coa comunidade xitana, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

